

# *Cecropis daurica* (Laxmann, 1769)

	andoriña dáurica
	golondrina dáurica
	enara ipurgorria
	oreneta cua-rogenca
	red-rumped swallow
	andorinha-dáurica



## ESTADO DE CONSERVACIÓN



## MEDIDAS CORPORAIAS

Peso 23 g

Longitude 17 cm

Envergadura 33 cm

FILO	CLASE	ORDE	FAMILIA	XÉNERO
Chordata	Aves	Passeriformes	Hirundinidae	<i>Cecropis</i>

## ALIMENTACIÓN

Moscas, mosquitos, formigas, avespas, chinches e pequenos escaravellos.

## COMPORTAMENTO

Esta especie constrúe o seu característico niño con bolas de barro. Este está completamente pechado excepto por unha entrada en forma de tubo, e adóitano facer pegado ao teito de covas ou infraestruturas coma túneles ou pontes.

## REPRODUCCIÓN

Celo de abril a setembro. 2-3 postas, de 3-5 ovos de cor crema e con pintas vermellas que son incubados por ambos sexos durante uns 15 días. Despois de 27 días os polos abandonan o niño.

## HÁBITAT

Bosques, devesas, mato, pasos; aldeas e pequenas cidades en menor medida.

## DISTRIBUCIÓN

Nidifica en grande parte de Asia e pequenas áreas de África e o sur de Europa. Trátase dunha especie migratoria.

## CURIOSIDADES

A familia mantense unida durante un tempo despois de que os novos sexan xa capaces de valerse por si mesmos, durmindo todos no mesmo niño. Son aves con moita fidelidade ao sitio de cría, reutilizando o niño durante varios anos coas debidas reparacións de desperfectos invernais; non obstante, non sempre son os mesmos adultos quen os usan xa que os xuvenís adoitan volver á zona onde naceron ..

A subespecie presente en España é *Cecropis daurica* subsp. *rufula*.